



APellidos, NOME

D.N.I.

AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE POSTOS DE TRABAJO MEDIANTE CONTRATACIÓN LABORAL FIXA.
(DOG: 24-03-2015)

CATEGORÍA: TÉCNICO SUPERIOR

PARTE COMÚN

ADVERTENCIAS:

- Non abra este cuestionario ata que lle indiquen.
- Para abrir o cuestionario, introduza a man no caderno e, cun movemento ascendente, corte pola parte dereita do caderno (vexa a figura esquina inferior dereita).
- Se observa algunha anomalía na impresión do cuestionario, solicite a súa substitución.
- Escriba os seus datos persoais no recadro superior.
- O tempo de realización deste exercicio é de **15 minutos**.
- Este cuestionario consta de 10 preguntas máis 2 preguntas de reserva. As preguntas deste cuestionario deben ser contestadas na "folla de exame" entre os números 1 e 12.
- En cada pregunta existe unha e só unha resposta correcta.
- Todas as preguntas de cada exercicio teñen o mesmo valor.
- As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas cun cuarto do valor asignado á contestación correcta.
- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "folla de exame" é o que corresponde ao número de pregunta do cuestionario.
- Só se terán en conta as respostas marcadas na súa "folla de exame" que se lle entrega xunto co caderno.
- Este cuestionario pode utilizarse na súa totalidade como borrador.
- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán do cuestionario bilingüe, prevalece este último para os únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución poderán expresarse de maneira unívoca.
- Non se permite o uso de calculadora, libro nin documentación ningunha, móbil nin ningún outro elemento electrónico.
- Se terminou de realizar o seu exercicio, advírtallo á organización para que lle recolla este cuestionario e a "folla de exame", da que se lle entregará a terceira copia. Malia o anterior, se acaba durante os 5 últimos minutos do tempo límite fixado para realizar o exercicio, permanecerá no seu asento ata que se lle recollan os anteriores documentos.

– **SOBRE A FORMA DE CONTESTAR NA «FOLLA DE EXAME», LEA MOI ATENTAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO SEU DORSO.**

– **ESTE CUESTIONARIO DEBERÁ SER DEVOLTO COMPLETO AO FINALIZAR O EJERCICIO.**

ABRA SOAMENTE CANDO O INDIQUE O TRIBUNAL



1. En caso de risco grave e inminente, o obrigado a informar os traballadores afectados, canto antes, sobre a existencia do devandito risco e das medidas adoptadas ou que, de ser o caso, deban adoptarse en materia de protección é:
- A) O empresario.
 - B) O comité de empresa.
 - C) O delegado de prevención.
 - D) A Inspección de Traballo.
2. Indique cal das seguintes non é unha competencia dos delegados de prevención:
- A) Promover e fomentar a cooperación dos traballadores na execución da normativa sobre prevención de riscos laborais.
 - B) Implantar o Plan de prevención de riscos laborais da empresa.
 - C) Exercer un labor de vixilancia e control sobre o cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais.
 - D) Colaborar coa dirección da empresa na mellora da acción preventiva.
3. A Constitución española establece no artigo 41 que os poderes públicos manterán:
- A) Un réxime público de seguridade social para todos os españois.
 - B) Un réxime público de seguridade social para todos os cidadáns.
 - C) Un réxime público ou privado de seguridade social para todos os españois.
 - D) Un réxime público ou privado de seguridade social para todos os cidadáns.
4. Segundo o disposto no artigo 10 do Estatuto de autonomía para Galicia, é unha función do Parlamento de Galicia:
- A) Elixir entre os seus membros o presidente da Xunta de Galicia.
 - B) Exercer a potestade lexislativa da comunidade autónoma.
 - C) Desempeñar a representación ordinaria do Estado en Galicia.
 - D) As respostas A e B son correctas.
5. A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, no seu artigo 15, establece os principios da acción preventiva. Indique cal dos seguintes é falso:
- A) Evitar os riscos.
 - B) Adaptar o traballo á persoa, así como a elección do equipo e os métodos de traballo.
 - C) Avaliar os riscos que non se poidan evitar.
 - D) Adoptar as medidas que antepoñan a protección individual á colectiva.
6. De conformidade co artigo 5 do Estatuto marco, o persoal estatutario dos servizos de saúde clasifícase atendendo:
- A) Ao nivel do título esixido para o ingreso.
 - B) Á función desenvolvida.
 - C) Ao tipo do seu nomeamento.
 - D) Todas son correctas.

7. Segundo o establecido no artigo 6 da Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, non cabe prestar o consentimento por substitución:

- A) Se se trata de menores non incapaces nin incapacitados.
- B) Se se trata de menores non incapaces nin incapacitados, pero emancipados ou con 16 anos feitos.
- C) Se se trata de menores non incapaces nin incapacitados, pero maiores de 12 anos.
- D) Ningunha é correcta.

8. Sinale, ao amparo do establecido na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, a afirmación incorrecta sobre o Servizo Galego de Saúde:

- A) É un organismo autónomo de natureza administrativa.
- B) Está adscrito á Consellería de Sanidade.
- C) Dispoñerá dun consello de administración.
- D) A Presidencia do Servizo Galego de Saúde ocuparaa a persoa titular da Consellería de Sanidade.

9. Segundo o establecido no artigo 76 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, correspóndelle á Consellería de Sanidade o exercicio da seguinte competencia:

- A) A aprobación do proxecto de orzamento da Consellería de Sanidade e do Sergas.
- B) O nomeamento e cesamento dos altos cargos da Administración pública sanitaria da Xunta de Galicia.
- C) A elaboración do proxecto do Plan de saúde de Galicia e a súa remisión ao Consello da Xunta de Galicia.
- D) Os acordos de creación de hospitais públicos en Galicia.

10. Segundo as definicións do artigo 3 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o responsable do ficheiro ou tratamento é:

- A) O representante público que decide sobre o uso do ficheiro.
- B) O órgano administrativo que custodia os datos.
- C) A persoa física titular dos datos que sexan obxecto do tratamento.
- D) A persoa física ou xurídica, de natureza pública ou privada ou órgano administrativo, que decida sobre a finalidade, contido e uso do tratamento.

11. Segundo o disposto no artigo 11 Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, é unha obrigaón dos cidadáns coas institucións e organismos do sistema sanitario:

- A) Elixir médico e demais titulados sanitarios.
- B) Participar, a través das institucións comunitarias, nas actividades sanitarias.
- C) Cumprir as prescricións xerais de natureza sanitaria comúns a toda a poboación.
- D) Utilizar as vías de reclamación e de propostas de suxestións nos prazos previstos.

12. Constituirase un comité de seguridade e saúde:

- A) En todas as empresas ou centros de traballo.
- B) En todas as empresas ou centros de traballo que conten con 10 ou máis traballadores.
- C) En todas as empresas ou centros de traballo que conten con 50 ou máis traballadores.
- D) En todas as empresas ou centros de traballo que conten con 200 ou máis traballadores.